

## Igrexa parroquial de San Paio

010022

### Datos de Localización

Igrexa

|              |                        |
|--------------|------------------------|
| Nomenclator: | 3200501                |
| Coord. UTM:  | X: 600145              |
|              | Y: 4640705             |
| Concello:    | Baltar                 |
| Parroquia:   | ABADES                 |
| Lugar:       | San Paio               |
| Tipoloxía:   | Arquitectura Relixiosa |
| Tipo:        | Igrexas                |
| Subtipo:     | Igrexa                 |



Denominación: Igrexa parroquial de San Paio

Etapa Histórica: Idade Moderna

Estilo relevante: Barroco

Outros Estilos:

Descripción:

Igrexa barroca de planta rectangular dunha soa nave, sacristía adosada no seu lateral derecho, presbiterio cadrado máis elevado e cuberta de tella do país a dúas augas na nave e catro no presbiterio. A sacristía ampliouse, así se recolle no libro 4.1.5. F.47v, 1721. Visita. "se ha reconocido la gran destrechez e indezencia de la sacristía desta Yglesia [...] se enchanche y aga mas capaz. F.52, ca. 1725 "450 rls que llebo el cantero de la sacristía a quien y en cuio precoi se le remato como ultimo postor". F.52v, idem 226 rls menos 4 mrs que costo enladrillar la sacristía y hazer las sepulturas de la yglesia".

A fachada principal, presenta portada de frontón partido con aleta e remate superior de espadana. A porta está enmarcada por pilastras coroadas por pináculos piramidais con bola. Ten un arco de medio punto con casetones e un anxelín sobre motivo floral en relevo, decorando a clave. Sobre o arco, frontón triangular que alberga unha pequena ventá rectangular abucinada e moldurada. O frontón partido con aleta cóncava vai decorado nos extremos por un pináculo piramidal de bola. Sobre o tellado, no seu lado derecho ten varios chanzos de granito para acceder ao campanario. A espadana, presenta un corpo con dous arcos de medio punto e volutas no seu arranque; remata nun frontón triangular con arquiño de medio punto enmarcado por pináculos de bola e coroado por unha cruz latina. No libro 4.1.6 no f.11 aparecen dúas referencias á súa construcción: f.11, 1700 "llebo el pedrero que compuso el campanario", 1701 "que llebo el pedrero que hizo el campanario". Na parte traseira, atópase nun sillar do paramento unha inscripción numérica. Nos vértices do presbiterio hai un pináculo piramidal de bola.

A mais da porta principal, a edificación ten sendas portas en cada un dos laterais.

Unha serie de lousas estreitas e rectangulares no chan, marcan o acceso á entrada do lateral derecho, xusto enfrente atópanse unha serie de tumbas. A igrexa está rodeada por muro de cachotería na parte traseira, e polos propios muros das casas veciñas, nun dos laterais.

No ano 1764 reedifíouse a capela maior, Libro 4.1.5, f.87. Visita. "dicho Abad tiene licencia del Ylustrísimo señor obispo haora difunto y de los sres provisores sede vacante para reedificar la capilla mayor de dicha Yglesia se confirman las expresadas licencias". No ano 1766-69, sen f., libro 4.1.5. "5500 rls que tubo de coste la echura di la cantaria del coro con su pulpito losar la Nave de la Yglesia y echar a la Nave dos hiladas con su cornixa", "900 rls de coste la echura del Atrio y la pila Bautismal". "140 rls el lebante de la sacristía con su losado". No mesmo libro, no f.123, 1812 "se de al mismo tiempo alguna mas elevacion a la Nave, de modo que pueda construirse una tribuna". Como se recolle no libro 4.1.6., no f.57v, ca 1830, as anteriores reformas non se levaron a cabo. "Esta Yglesia al presente se alla con el techo de la Nave arruinado amenazando una grande desgracia [...] el cura anterior dispuso

se lse diese a esta Nabe una elevacion correspondiente a la Capilla mayor, a fin de hacerle una tribuna para dar algun Hueco mas, y llegando los canteros a la Yglesia a fin de darle principio se alboroto en pueblo reboltoso tocando las campanas a alboroto y apedreando los canteros; visto que fue este desorden por el cura temiendo no sucediese alguna desgracia, desistio de su empresa". F.67, 1830-31 "3064 rls a los maestros Joseph Rodriguez vecino de Solveira y Casimiro do Barrio este de Fuente arcada de la xurisdicion de Jinzo por la obra de carpinteria y pedreria de la Nave de la Yglesia", "1000 rls al maestro Pedro Sarrapio por la obra del cornixado, dos confesionarios cerrados en la pared y dos pedestales de los colaterales", "600 rls a Benito Lois maestro de canteria por la reforma del Arco mayor".

## **DOCUMENTACIÓN:**

- A.H.D.OU.
- ABADES, San Paio.
- 4.1.5. Visitas (1676-1820)
- 4.1.6. Libro primicias y fábrica (1679-1944)
- Ficha de Inventario Artístico.
- Ficha S.I.A.A.E.

## **Características Construtivas**

**Plantas:** Baixa

**Edif. Anexas:**

**Mat. Fachada:** Granito

**Mat. Estrutura:** Granito e madeira

**Mat. Cuberta:** Tella

**Elementos singulares**

**Construtivos:**

**Decorativos:** Parte traseira inscrición de tres liñas, as dúas primeiras difícil lectura. Na última: "ANO D 1768"

## **Delimitación do Ben e da contorna**

**Situación:** Outros

**Área de Protección:** 100 m.

## **Protección**

**Tipo de ben:** Inventariado

**Proposta de tipo de ben:**

**Estado de Tramitación:** Declarado

**Nivel de Protección Arq.:** Integral

**Proposta Nivel de Protección Arq.:**

**Grao de Protección Arq.:** -----

**Proposta Grao de Protección Arq.:** -----

**Xustificación da Protección:**

**Titularidade****Polígono:****Parcela:****Conservación-Intervención****Estado de Conservació** Bo**Uso Actual:** Relixioso**Alteracións Morfolóxicas****Tipo:****Data:****Descripción:****Proxecto:****Axentes:****Observacións:** Na fachada principal, a un dos pináculos da aleta, fáltalle a bola. Encintado de cemento nos laterais e na parte traseira. As portas son metálicas de cor marrón. Na porta lateral, hai un canalón de plástico e un contador da luz.**Bens Móveis**









